



Moción aprobada polo Pleno do Parlamento de Galicia o 12 de xuño de 2012

3.2 08/MOC-0172 (83306)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caride Estévez, María José

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa desaparición das caixas de aforros galegas, o futuro de Novagalicia Banco e os dereitos dos afectados pola fraude das participacións preferentes. (Moción a consecuencia da Interpelación núm. 80003, publicada no BOPG núm. 672, do 04.04.2012, e debatida na sesión plenaria do 22.05.2012)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 704, do 31.05.2012

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia acorda:

1. Reiterar a importancia de manter a Galicia no mapa financeiro cunha entidade financeira solvente, autónoma e vencellada territorialmente a Galicia.
2. Instar o Goberno galego a demandar do Goberno de España a mesma implicación na viabilidade como entidade independente de Novagalicia Banco que a amosada con outras entidades financeiras, nomeadamente con BANKIA.
3. Instar o Goberno galego á defensa dos dereitos dos titulares do fraude das preferentes, para o cal continuará colaborando coa fiscalía de Galicia e demandará do Goberno de España, da CNMV, do Banco de España e do departamento de



Competencia da Comisión Europea a busca dunha solución inmediata a este conflito que garanta a devolución do 100% dos seus aforros.

4. Instar a Goberno galego a presentar, no actual período de sesións, un proxecto de lei de fundacións especiais das extintas caixas".

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2012